

PuntoGal e a Mesa pola normalización lingüística asinan un convenio de colaboración

3 de novembro de 2020 | Os presidentes da Asociación PuntoGal, Manuel González González e da Mesa pola normalización lingüística (A Mesa), Marcos Maceira Eiras, asinaron un convenio de colaboración mediante o cal A Mesa se compromete a dar cobertura ás actividades realizadas por PuntoGal para promover a utilización do dominio a través dos seus órganos de expresión. Ademais, e grazas a este acordo, as asociadas poderán obter un dominio .gal a prezos reducidos. A sinatura realizouse de xeito telemático.

PuntoGal e A Mesa

PuntoGal, que supera os cinco mil cincocentos dominios rexistrados, “é un dominio lingüístico e cultural que pretende darlle visibilidade a Galicia e, de maneira moi especial, ao seu principal elemento de identidade, que é a lingua galega.”, comentou o presidente de PuntoGal, Manuel González.

Gonzalez salientou que “a colaboración con organizacións como a Mesa pola normalización lingüística, que é un pilar fundamental na implantación social da lingua galega e na defensa dos dereitos lingüísticos dos galegos, é case unha obriga, e unha oportunidade para sumar esforzos no camiño da nosa normalización lingüística e cultural.”

Pola súa banda, Marcos Maceira quixo agradecer a colaboración de PuntoGal nunha iniciativa que “XXXXXXXX”. Maceira tamén salientou que “XXXXX”.

O convenio entrabas entidades inclúe a posibilidade de que as asociadas á Mesa poidan mercar un dominio .gal ao prezo reducido de 13 euros máis IVE. Para facer efectiva a oferta, terán que utilizar códigos promocionais a través dos rexistradores que colaboran na promoción, Dinahosting e Entorno Digital.